

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 26 DE XANEIRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Bolo duns treitos antigos da estrada OU-533, xunto co seu dominio público viario (DPV).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto dunha planta de fabricación de inxectables, en Monforte de Lemos (Lugo), promovido por Kern Pharma, S.L.

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no Concello de Betanzos.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se aproba o Plan Xeración Cultura 2023.
- Acordo polo que se toma razón do proceso de implantación da acreditación da competencia dixital docente e do alumnado no sistema educativo Galego.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se toma razón dos programas de axudas e incentivos para a contratación de persoas desempregadas no ano 2023.
- Acordo polo que se toma razón da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a rehabilitación e mellora do equipamento dos centros de información ás mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 130/2016, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2023.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o fomento de acción silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais no marcos do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014.2020.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre a situación da UPA en materia de persoal. Xaneiro 2023.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre as necesidades relacionadas coa chegada da alta velocidade ferroviaria ao resto das cidades galegas.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Plan de formación continua 2023 para o persoal do Servizo Galego de Saúde.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación dun servizo de asistencia xurídica para a intervención, en nome da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como parte coadxuvante nos recursos de anulación interpostos polo sector pesqueiro galego conta o Regulamento de execución (UE) 2022/1614.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO BOLO DE VARIOS TREITOS ANTIGOS DA OU-533

- O cambio de titularidade forma parte do acordo pechado co municipio para impulsar o acondicionamento da estrada de Cambela e o acceso ao Vao
- A Xunta financiou as obras de mellora de 2,1 km desa vía e o Concello comprometeuse a asumir a titularidade de dous treitos antigos da vía autonómica e un camiño de servizo que suman 1,57 km
- O Goberno galego destinou un investimento autonómico de máis de 90.000 € á colaboración co Concello para facilitar a mobilidade dos veciños deste municipio
- A administración local asume agora a titularidade dos treitos antigos da estrada autonómica e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*
- O Goberno galego segue traballando no fomento da mellora das infraestruturas viarias que favorecen o desenvolvemento económico e social e achegan unha maior calidade de vida á cidadanía no rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Bolo de varios treitos antigos da estrada OU-533, xunto co seu dominio público viario.

O Goberno galego, tras acometer o Concello as obras de acondicionamento da estrada de Cambela e a mellora de acceso ao lugar do Vao, financiadas pola Xunta, procede agora á transferencia á Administración local de dous treitos antigos da vía autonómica e un camiño de servizo, que suman 1,57 quilómetros de lonxitude.

Os traballos de acondicionamento desta estrada ao núcleo do Vao executáronse no marco dun acordo de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello do Bolo que, ademais de executar as obras, se comprometeu a asumir a titularidade dos treitos antigos da OU-533: V-46, incluído o camiño de servizo, e V-47.

A transferencia tramítase agora de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nos citados treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Mellora da mobilidade**

O Goberno galego destinou un investimento autonómico de máis de 90.000 euros no marco desta colaboración co Concello do Bolo para facilitar a mobilidade dos veciños deste municipio ourensán.

Os traballos, xa rematados, consistiron na rexeneración do pavimento nun treito de case 2,1 quilómetros desta estrada que dá acceso ao Vao.

Máis en concreto, as actuacións de rehabilitación do firme realizáronse entre os puntos quilométricos 0 a 0,445 e do 1,170 ao 2,820, cunhas lonxitudes de 445 e 1.650 metros, respectivamente, e nun ancho constante de 4 metros.


As intervencións para a mellora do pavimento desta vía consistiron en realizar un dobre tratamento do firme, logo da corrección das deformacións existentes na chaira mediante recarga de grava ou gravillón.

Tamén se realizaron tarefas de limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar que produzan danos no pavimento do camiño.

O Goberno galego segue traballando no fomento da mellora das infraestruturas viarias que favorecen o desenvolvemento económico e social e achegan unha maior calidade de vida á cidadanía no rural.

Plano dos treitos antigos da OU-533 obxecto da transferencia aprobada hoxe no Consello da Xunta:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A PLANTA DE INXECTABLES QUE INDUKERN POÑERÁ EN MARCHA EN MONFORTE DE LEMOS**

- Resaltou que este proxecto impulsará a consolidación de Galicia como “referente en materia de biotecnoloxía”
- Explicou que, cun investimento de 33 M€ na fase inicial, as instalacións localizaranse no polígono industrial O Reboredo e terán como obxectivo a fabricación, produción, acondicionamento e a distribución loxística de produtos estériles farmacéuticos líquidos en diferentes formas de acondicionado
- O proxecto complementa a cadea de valor do sector da biotecnoloxía, industria estratéxica na Comunidade Autónoma e está aliñado coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, e mantendo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 18 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global de 1275 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello declarou como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Indukern para impulsar a instalación dunha planta de fabricación de inxectables en Monforte de Lemos. Deste xeito, dase un paso máis para “contribuír a consolidar Galicia como un referente en materia de biotecnoloxía”.

Rueda resaltou que nesta nova planta “fabricaranse medicamentos de uso humano” e albergará tamén un laboratorio de I+D+i para deseñar “futuros fármacos”. En concreto, cun investimento de 33 M€ na fase inicial e 59,4 M€ en total, o novo centro destinarase á fabricación, produción, acondicionamento e distribución loxística de produtos estériles farmacéuticos líquidos en diferentes formas de acondicionado como ampolas, viarias e xiringas precargadas dependendo do seu uso e tipoloxía de produto.

Elaboraranse medicamentos e realizaranse procesos de apoio como servizos asociados á produción, loxística e administración. O proxecto iniciárase cunha liña de produción de inxectables e coa posibilidade de expansión a catro liñas máis de produción. Tamén se incluírán oficinas para o control da propia planta e laboratorios de análise e desenvolvemento de I+D+i para futuros fármacos, polo que se aliña coa Estratexia de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especialización intelixente (RIS3) de Galicia complementando a cadea de valor do sector da biotecnoloxía, unha industria estratéxica na Comunidade Autónoma.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración, en concreto supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (serán 33 M€ na primeira fase e 59,4 en total); a creación de 62 empregos na primeira fase; así como complementar cadeas de valor ou pertencer a sectores estratéxicos como é, neste caso, a biotecnoloxía.

Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Deste xeito xa son 18 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrixa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Naturgy Nuevas Energías (en Meirama, Cerceda) e Kern Pharma (Monforte de Lemos).

“Estas 18 iniciativas contan cuns investimentos previstos de 1.275 M€”, indicou Rueda. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ENXALZA A DECLARACIÓN EN BETANZOS DA SÉTIMA ÁREA REXURBE DE GALICIA PARA CONTRIBUÍR A DINAMIZAR E REVITALIZAR O SEU CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO**

- O presidente da Xunta salienta que as actuacións que se levarán a cabo servirán para mellorar a vida social e económica da veciñanza
- O ámbito correspóndese co da vella cidade medieval, que alberga 735 edificios con diferentes usos, preto de 1.100 vivendas e unha poboación de 1.850 habitantes
- Para acadar os obxectivos de mellorar a calidade de vida da veciñanza e garantir que teñan recursos e equipamentos suficientes, o Concello fará un Plan de dinamización con medidas específicas e o orzamento necesario para levalas á práctica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, puxo en valor a declaración no Consello da Xunta de hoxe do conxunto histórico-artístico de Betanzos como sétima área Rexurbe de Galicia e considerouna “necesaria” para contribuir a dinamizar este ámbito do municipio coruñés.

“Mellorará a vida da veciñaza, xa que a dotará de recursos para que se revitalice a vida social -co asentamento de novas persoas- e económica e, por suposto, para a rehabilitación de inmobles”, enxalzou Rueda sobre os beneficios desta figura creada ao abeiro da Lei de rehabilitación aprobada en 2019. A súa finalidade é facilitar a revitalización de zonas que, polas súas especiais características, precisan dunha maior implicación por parte das distintas administracións públicas e dotalas dos recursos necesarios para garantir que recuperen o seu antigo dinamismo.

O mandatario galego concretou que, neste caso, o ámbito de actuación da área Rexurbe corresponderase co da antiga cidade medieval de Betanzos que, segundo lembrou, foi declarada Ben de interese cultural (BIC) en 1970 e nela vive preto do 15 % da poboación do municipio, case 2.000 persoas, naque hai máis dun milleiro de vivendas e 735 edificios, “pero non conta con zonas verdes”, advertiu.

Rueda alertou de que estes edificios precisan “melloras” xa que, segundo lle trasladou o propio Concello de Betanzos, “máis de 180 inmobles presentan deficiencias; 80, de carácter grave; e unha trintena están en ruína”. Por estes motivos, insistiu nos beneficios que supón esta declaración de área Rexurbe para comezar estas actuacións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Áreas Rexurbe

Cómpre subliñar que as áreas de rexeneración urbana de interese autonómico –áreas Rexurbe– son un instrumento de intervención legalmente previsto para promover medidas de recuperación edificatoria, arquitectónica e urbanística en conxuntos históricos e ámbitos declarados BIC, aínda que tamén se inclúen actuacións de dinamización social, demográfica e económica, polo que a súa aplicación é transversal e implica a distintos departamentos da Xunta.

Os obxectivos principais da nova área Rexurbe de Betanzos son mellorar a calidade de vida da veciñanza e dotala dos recursos sociais e equipamentos necesarios. Para tal fin, fíxanse como liñas estratéxicas a recuperación do patrimonio construído, a aposta pola eficiencia enerxética na rehabilitación, a mellora da oferta de servizos e espazos libres, o impulso á mobilidade sostible, a axuda para implantar empresas tecnolóxicas, o apoio á poboación dependente, ou a creación de postos de traballo no eido social, entre outras.

Para concretar como lograr estes obxectivos, en todo caso, o Concello terá que elaborar a continuación un plan de dinamización específico que sirva para coordinar as actuacións tanto públicas como privadas destinadas a conseguir a dinamización e a rexeneración do ámbito da área Rexurbe. Nel recollerase un programa plurianual coa planificación das medidas a executar e dos investimentos necesarios para levalas a cabo.

De igual xeito, deberá contar cun centro de rexeneración urbana de interese autonómico (centro Rexurbe), que actuará como punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión das distintas actuacións que se promovan dentro deste ámbito.

### Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo e Ferrol

A área Rexurbe de Betanzos sumarase ás xa declaradas desde o ano 2020 en Mondoñedo, a única que conta xa cun plan de dinamización propio e centro Rexurbe; A Coruña, a primeira gran cidade en contar con esta figura; Ribadavia; Tui; Ribadeo; e Ferrol, que ten área Rexurbe desde hai xusto un ano.

Esta declaración complementará as actuacións impulsadas en Betanzos no marco programa Rexurbe, a través do cal o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) adquire inmobles para rehabilitar, destinalos a vivendas e adxudicalas en réxime de alugueiro social. O concello de Betanzos, precisamente, foi pioneiro ao acoller a experiencia piloto deste programa no ano 2017. En total, o IGVS adquiriu no municipio a través desta vía 17 inmobles e actualmente xa ten rematada a rehabilitación de 10 destes edificios, nos cales se obtiveron 15 vivendas e 3 locais comerciais, cun investimento de preto de 3,4 M€; outros 5 seguen en obras; e os 2 inmobles restantes están en tramitación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, Betanzos conta tamén coa Área de rehabilitación integral (ARI) do seu conxunto histórico, declarada no ano 2002 e na cal xa se executaron investimentos por un importe de case 930.000 euros; e é un dos municipios que forman parte da ARI supramunicipal do Camiño de Santiago, polo que tamén pode optar ás subvencións que convoca anualmente o IGVS para financiar actuacións de rehabilitación neste ámbito.

Por último, cómpre lembrar que na repartición realizada pola Xunta en 2022 do programa de rehabilitación a nivel de barrios, financiado con fondos europeos, ao Concello de Betanzos correspondéronlle 700.000 euros para investir no seu conxunto histórico.

A continuación inclúese unha imaxe coa delimitación do ámbito municipal que abrangue a nova área Rexurbe de Betanzos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA APROBA O NOVO PLAN XERACIÓN CULTURA CUN INVESTIMENTO DE 34 M€ PARA IMPULSAR EN 2023 O GRAN MOMENTO DA CREACIÓN GALEGA

- Nace co reto de establecer un amplo marco de traballo e para achegar ferramentas ás empresas do sector e reforzalo como xerador de riqueza e benestar
- Estructurado en 5 eixes e 57 accións, está dirixido a garantir o acceso universal á cultura, impulsar o talento e apostar pola modernización das infraestruturas
- Desenvolveranse dúas novas leis no eido da dixitalización e accesibilidade e poranse en marcha seis plans sectoriais do ámbito da cultura e da danza, de apoio aos creadores, de dinamización da lectura, de formación e de proxección exterior
- Inclúe medidas novidasas como a posta en marcha da Galicia Film Commision para consolidar a comunidade como plató de cinema e televisión
- Crearanse unha rede de centros culturais do rural, que incluírá tamén fundacións e casas-museos, e lanzarase unha nova liña de axudas para bens etnolóxicos
- O Plan veríase ampliado e reforzado se o Goberno central accede á petición do perte cultural que a Xunta de Galicia leva tempo reclamándolle

A Xunta contará este ano 2023 cunha nova folla de ruta para acompañar e reforzar con novas iniciativas o gran momento de creación e expansión do sector cultural galego. Trátase do Plan Xeración Cultura aprobado hoxe no Consello da Xunta que, cun investimento de 34 M€, inclúe unha batería de 57 accións, algunhas novidasas como a posta en marcha da Galicia Film Commision para consolidar Galicia como plató de cinema, a creación da rede de dinamización de centros culturais do rural, que inclúe fundacións e casas-museo, ou o lanzamento dunha nova liña de axudas dirixida a particulares para a conservación de bens etnolóxicos. Tamén se porán en marcha seis novos plans sectoriais para, entre outros, dinamizar a lectura, impulsar a formación no sector ou apostar pola acción exterior e dúas novas leis no eido da dixitalización e da accesibilidade.

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades avanzou polo miúdo ante o Consello da Xunta as principais liñas deste novo plan que nace co reto de establecer un amplo marco de traballo e unha batería de accións para a sociedade e profesionais do sector que recoñecen o seu peso na economía. Busca, ademais, transferir fondos ás empresas do sector para contribuír ao seu fortalecemento como xerador de riqueza e benestar.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Plan Xeración Cultura lánzase nun contexto en que é necesario seguir co crecemento do sector e prepararse para afrontar novos retos nun escenario post-Xacobeo, celebración que apoiou dun xeito determinante a creación cultural. É froito do empeño da Xunta por achegar a cultura a todas as persoas en todo o territorio e modernizar as estruturas empresariais e de creación.

### **Mellorar e garantir o acceso**

Esta nova folla de ruta estrutúrase en cinco eixos de actuación. O primeiro oríentase a garantir o acceso universal á cultura, para o que se inclúen distintas accións centradas no apoio a todo tipo de programación e redes de difusión da cultura, tanto de titularidade pública como privada, desde cines, teatros, salas de música, festivais de distintos xéneros musicais, bibliotecas, arquivos, museos...

Entre as novas medidas, crearanse unha rede de dinamización de centros culturais do rural, que inclúe fundacións e casas-museo, coa intención de reforzar o acceso á cultura tamén nestas zonas. Ademais, desenvolverase a nova Lei de cultura Inclusiva e accesible, que incluírá a posta en marcha dun observatorio, e poranse en marcha os plans de dinamización da cultura, da dinamización da lectura e da danza.

### **Creatividade e novos talentos**

O Plan Xeración Cultura 2023 tamén pon o foco na creatividade e nos novos talentos. No seu segundo eixo de actuación inclúe distintas medidas de apoio á produción, desenvolvemento e talento audiovisual e para a creación escénica.

Unha das medidas máis novidasas é a posta en marcha da Galicia Film Commission, coa que se ofrecerán ferramentas aos profesionais do sector para consolidar a comunidade galega como plató de cine e televisión. Tamén se creará unha nova aceleradora para impulsar proxectos musicais, así como un plan específico de apoio a creadores culturais.

### **Dixitalización e innovación**

Con esta nova folla de ruta, a Xunta dá resposta, ademais, ás novas necesidades do sector, polo que o terceiro dos eixos está centrado na innovación, dixitalización e modernización, con especial atención ás tecnoloxías emerxentes como intelixencia artificial ou realidade virtual e aumentada, entre outras.

Entre as accións previstas inclúense a posta en marcha do novo Centro de Artes Dixitais na Cidade da Cultura, así como distintos proxectos de dixitalización, incluíndo de bens culturais. Tamén está prevista a aprobación da nova Lei de cultura dixital este ano.

### **Infraestruturas e legado cultural**

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O cuarto dos eixos oríentase á preservación e protección do legado cultural e aposta pola modernización das infraestruturas culturais a través de distintas liñas de apoio para os distintos equipamentos culturais. Ao abeiro desta alínea crearase un Observatorio de Innovación do Patrimonio Cultural, así como unha novidosa liña de axudas destinada a particulares para a conservación de patrimonio etnolóxico.

No eido dos equipamentos, inclúense un programa de mellora das infraestruturas e espazos culturais, entre eles, a ampliación do Museo Massó, a mellora e acondicionamento da Illa de San Simón, a rehabilitación da casa de María Antonia Dans ou a posta en marcha do Museo da Fábrica de Papel no Carballiño.

### **Proxección exterior e formación**

Por último, o quinto eixo de actuación céntrase na proxección exterior e internacionalización, así como na formación, con accións destinadas a apoiar a distribución das artes escénicas e a música, axudas á asistencia a foros profesionais e mercados audiovisuais, participación nas feiras internacionais do libro e asistencia de creadores a eventos internacionais. Entre as medidas destacadas, inclúese a creación dun Plan de acción cultural no exterior e un Plan de formación no ámbito da cultura.

### **Dinamismo cultural**

O Plan Xeración Cultura chega avalado polas boas cifras do sector dos últimos meses tras a situación derivada da COVID-19 co remate das restricións máis severas, o que posibilitou un maior dinamismo e normalidade na oferta, que tivo como apoxeo un verán de 2022 de plena normalidade. A este dinamismo contribuíu a celebración do Xacobeo 21-22.

No contexto da pandemia, a Xunta sempre deu prioridade á continuidade das iniciativas culturais e á salvagarda do tecido profesional. Por iso, foi a primeira Administración en ofrecer unha resposta rápida e eficaz co Plan de Reactivación Cultural en 2020-2021 e con medidas posteriores de apoio como o Hub Audiovisual, o Bono Cultura ou a iniciativa Territorio Cultura. Agora, a Xunta insiste na súa petición ao Goberno central da posta en marcha dun perte (Proxecto Estratégico para a Recuperación e Transformación Económica) da cultura para impulsar en Galicia un sector con capacidade de transformación económica e para xerar benestar e cohesión social. O Plan Xeración Cultura veríase ampliado e reforzado se o Goberno central accede á petición do perte que a Xunta leva tempo reclamando.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sector cultural supón o 3 % do PIB galego e un 3,6 % do emprego. Segundo os últimos datos do Observatorio do Consello da Cultura Galega, hai 35.400 persoas que traballan na cultura, 500 máis que no primeiro trimestre de 2022. Este dato vén acompañado dun aumento na creación de empresas, que medrou un 3 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA CONVÉRTESE NA PRIMEIRA COMUNIDADE DO ESTADO EN IMPLANTAR UN SISTEMA PROPIO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS PARA ALUMNADO E PROFESORADO**

- A Consellería de Educación eleva ao Consello da Xunta esta nova iniciativa que beneficiará a preto de 140.000 galegos entre este curso e o vindeiro
- O alumnado poderá acreditar de oficio un nivel mínimo ao rematar os seus estudos ou presentarse a probas para demostrar un coñecemento superior
- Este tipo de competencias, que serán exixibles no mercado laboral, seguirán un patrón similar ao que se utiliza actualmente na certificación de idiomas
- Inclúe cinco eixos: información e datos, comunicación e colaboración, creación de contido dixital, seguridade e privacidade e contorna dixital e solución de problemas
- Haberá 4 niveis (iniciación, intermedio, avanzado e especializado) e 21 competencias
- Os docentes, que contarán con formación personalizada, verán mellorada así a súa capacitación e aproveitarán mellor o potencial destas tecnoloxías nas aulas
- Tamén se establece unha vía específica para persoas adultas, con especial atención á fenda de xénero, a colectivos vulnerables e ás zonas rurais
- Trátase dunha medida que desenvolve a Estratexia Educación Dixital 2030

Galicia convértese na primeira comunidade autónoma do Estado en implantar un sistema propio de acreditación de competencias dixitais no eido educativo, con dous ámbitos específicos dirixidos ao profesorado por unha banda e ao alumnado por outra.

O Consello da Xunta avalou hoxe o acordo polo que se dá conta dos pasos que seguirá a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para desenvolver este procedemento específico de certificación no ensino, que se estima que beneficie durante este e o vindeiro curso a preto de 140.000 galegos: 100.000 estudantes, 31.000 docentes e 7.000 persoas adultas, os tres grupos que se fixan neste marco.

Esta novidosa proposta é unha das medidas contidas na Estratexia Educación Dixital 2030, o documento de accións coordinadas para a transformación tecnolóxica do ensino e o perfeccionamento das competencias e capacidades necesarias na sociedade actual.

A competencia dixital é a combinación de coñecementos, habilidades e aptitudes para o uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe, o traballo, o lecer, a participación na sociedade e a interacción coas ditas tecnoloxías. Estrutúrase en cinco grandes áreas (Información e datos, comunicación e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

colaboración, creación de contido dixital, seguridade e privacidade e contorna dixital e solución de problemas).

### **Acreditación de alumnado**

No caso do alumnado, esta competencia, que será exigible no mercado laboral, seguirá un patrón similar ao que se utiliza actualmente na certificación de idiomas. En total, a acreditación está integrada por 21 competencias que se poderán certificar en catro niveis diferentes: iniciación, intermedio, avanzado e especializado.

O procedemento de acreditación para o alumnado farase por unha dobre vía. Por un lado, a validación de oficio no momento en que remate os seus estudos ou ben a través da superación dunha proba específica de acreditación dos diferentes niveis establecidos.

Pola vía de oficio, emitiranse as primeiras certificacións en competencias dixitais para o alumnado que titule en ESO e FP básica (certificado de iniciación), FP de grado medio, superior e másteres, así como ensinanzas artísticas (certificado de nivel intermedio).

En canto ás probas específicas, que permitirán acreditar unha competencia de maior nivel que a correspondente ao nivel de estudos, a Consellería vai desenvolver este ano a orde que regule este recoñecemento, así como unha pilotaxe delas cunha mostra de estudantes. E partir do vindeiro curso 2023/24, as probas poderanse extrapolar a todo o alumnado de todos os niveis educativos e a extensión das validacións a outros niveis.

Estas certificacións, na medida en que son a proba do grao de adquisición de competencias no eido tecnolóxico, contribuirán a mellorar o acceso ao mercado laboral dos estudantes das citadas ensinanzas que se considera titularán nestes dous cursos.

### **Acreditación do profesorado**

No que atinxe ao profesorado, o obxectivo é intensificar a formación e acreditación en competencias dixitais. Deste xeito, búscase mellorar a capacitación dos docentes para que poidan aproveitar o potencial das tecnoloxías na mellora do sistema educativo. Con este proceso, deseñaranse os itinerarios formativos necesarios, adaptados segundo os niveis e a situación persoal, para ir acadando os distintos niveis de desenvolvemento.

Para iso establécense cinco vías de acreditación: formación do profesorado e do recoñecemento de roles e funcións para os niveis avanzados, recoñecemento de títulos universitarios, proba acreditativa (da que o Ministerio se comprometeu a proporcionar unha ferramenta), observación do desenvolvemento profesional e aplicación de rúbricas e presentación e avaliación de evidencias e méritos mediante convocatorias *ah hoc*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Educación de Adultos**

Finalmente, no que atinxe á acreditación de competencias dixitais para adultos, trabállase na creación da Rede Galega de Educación Dixital nas ensinanzas de adultos, coa incorporación de medio centenar de centros. Así mesmo, levarase a cabo formación específica nas ensinanzas orientadas a maiores de 55 anos con baixo nivel de cualificación, atendendo especialmente a fenda de xénero, a poboación vulnerable e as zonas rurais.

### **Acadar a cidadanía dixital plena**

A acreditación de competencias dixitais é unha das accións de impacto definidas na Estratexia Educación Dixital 2030, enfocadas a unha maior presenza da educación dixital nas aulas co fin de acadar a cidadanía dixital plena (convivencia dixital pacífica, alfabetización informacional e loita contra a desinformación, pensamento crítico...), a fomentar contextos híbridos de ensino-aprendizaxe (que mesturan o dixital e o presencial), atallar a fenda dixital (fenda de xénero, socioeconómica...), e abordar o reto demográfico, de consolidación da poboación en contornos rurais e de sustentabilidade.

No marco desta estratexia, dotada cun investimento inicial de 120 M€ para os tres primeiros anos de implantación, inclúense outras accións como a dotación de polos creativos, aulas dixitalizadas, o plan dixital de centro, a integración da intelixencia artificial, a dotación de equipamento específico, a formación do profesorado e das familias, premios e proxectos, sistemas de xestión de datos, auditorías de accesibilidade desenvolvemento de contidos dixitais e loita contra a desinformación, entre outros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACTIVARÁ UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER E O SEU EQUIPAMENTO**

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade porá e marcha estes novos apoios para entidades locais titulares dos centros con achegas de ata 16.640 euros
- Entre as actuacións financiáveis atópanse as de conservación das instalacións, mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e da dotación informática
- Galicia conta na actualidade con 84 centros de información á muller (CIM) que atenden unhas 9.500 mulleres cada ano

A Xunta de Galicia lanzará unha nova convocatoria de axudas coas que destinará máis de 734.000 € á rehabilitación e mellora do equipamento dos 84 centros de información á muller (CIM) existentes na comunidade, que dan cobertura a 193 concellos e atenden unha media de 9.500 mulleres cada ano.

O Goberno galego quere poñer en valor estes centros como recurso esencial na atención integral e de proximidade ás mulleres e, nomeadamente, ás vítimas da violencia de xénero. Por este motivo estrea esta nova liña de apoios que poderán solicitar as entidades locais, en xestión individual ou conxunta, que sexan titulares dalgún CIM.

Financiaranse neste marco, con ata un máximo de 16.640 euros, as actuacións de mellora da conservación, da eficiencia enerxética, da accesibilidade e da habitabilidade dos edificios que acollen estes recursos. Tamén a adquisición de equipamento informático (ordenadores, monitores, impresoras), de oficina (fotocopiadoras e similares) e de mobiliario (mesas, cadeiras...).

Para poder acceder ás subvencións as entidades beneficiarias deberán ter presentado a memoria anual do CIM correspondente ao ano 2021 ante a Secretaría Xeral da Igualdade. Os concellos implicados na xestión deberán ter remitidas ademais as contas do exercicio orzamentario 2021 ao Consello de Contas de Galicia.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a impulsar o traballo de promoción da igualdade e de loita contra a violencia de xénero no eido local. En contacto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) está a perfilar melloras para a Rede de Centros de Información á Muller (CIM). Estase a avanzar para garantir, por unha banda, formación especializada e continuada a todas as profesionais dos CIM, co obxectivo de brindar a mellor das atencións ás mulleres usuarias e traballar

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na prevención da violencia de xénero e o asesoramento ás súas vítimas. Noutro eido, búscase estender a cobertura dos centros a todo o territorio e de dinamizar as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, órganos nos que se sentan en cada municipio as principais entidades educativas, sanitarias, policiais e sociais para combater este problema estrutural.

A Administración autonómica destinará en 2023 máis de 4 millóns de euros a apoiar os 84 centros de información á muller existentes na comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA AVANZA QUE A XUNTA INVESTIRÁ 36,4 M€ PARA IMPULSAR EN CONCELLOS, EMPRESAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO A CONTRATACIÓN DE 3.500 PERSOAS SEN EMPREGO**

- Resalta que o obxectivo é axudar a atopar traballo a colectivos vulnerables, con dificultades para acceder ao mercado laboral ou obter o primeiro emprego
- Explica que o Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de catro liñas de axudas que se publicarán no Diario Oficial de Galicia (DOG) nos vindeiros días
- Incrementábase case un 35% o orzamento para Galicia Emprega que con 17,4 millóns impulsará o emprego na empresa entre a mocidade, persoas paradas de longa duración, de 55 anos ou máis, persoas emigrantes retornadas e estranxeiras, mulleres e o colectivo da discapacidade ou en risco de exclusión social
- Publicarase mañá por primeira vez un programa de cooperación con organismos intermedios para a contratación de persoas desempregadas de entre 18 e 29 anos en asociacións empresariais, clústeres ou asociacións de autónomos, entre outros
- Aprod Rural favorecerá con sete millóns de euros o emprego en entidades locais emprazadas no rural galego
- Destinaranse preto de 7,7 millóns para a contratación de 600 persoas desempregadas perceptoras da Risga nos concellos galegos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello autorizou hoxe a convocatoria de catro liñas de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que se publicarán nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para impulsar na empresa, entidades locais e sen ánimo de lucro a contratación de 3.500 persoas sen emprego. Vanse destinar case 36,4 millóns de euros "a promover a contratación de colectivos vulnerables, con especial dificultade para acceder ao emprego ou obter o seu primeiro traballo", indicou.

En concreto, nas vindeiras semanas publicaranse as convocatorias do programa Galicia Emprega, un novo programa de cooperación con organismos intermedios de Garantía Xuvenil, da iniciativa Aprod Rural e das axudas para a contratación de persoas en risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

Para incentivar o traballo na empresa, Rueda explicou que se convocará o próximo 31 de xaneiro no DOG o programa Galicia Emprega, que nesta edición incrementase case un 35% ata os 17.450.000 euros co obxectivo de "chegar ata 2.200 desempregados". O Goberno galego destina 4,5 millóns máis que en 2022, á contratación da mocidade (6.000 euros de apoio base), persoas paradas de longa duración (10.000 euros), de 55 anos ou máis (10.000 euros), persoas emigrantes retornadas (10.000 euros), mulleres

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(14.000 euros) e persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social (16.000 euros). Como novidade nesta edición, ábrese unha liña específica para os emigrantes retornados e incorpóranse tamén como beneficiarios prioritarios os maiores de 55 anos.

Estas contías base por cada contrato que desenvolva a empresa poderán incrementarse nun 25 %, e son acumulables entre si, se o centro de traballo está situado nun concello rural ou se a contratación se realiza con mulleres nunha actividade económica con subrepresentación feminina, entre outros.

Por cada contratación indefinida inicial que se realice, a empresa, ademais, poderá solicitar ata 4.000 euros para formación no centro de traballo.

Galicia Emprega, así mesmo, prevé incentivos para a transformación de contratos de tempo parcial a tempo completo, para a adaptación de postos de traballo para as persoas con discapacidade e para o incremento de duración dos contratos fixos discontinuos.

A estes apoios poderán acceder, ademais das empresas, os centros especiais de emprego, as entidades sen ánimo de lucro e as empresas de inserción laboral para a contratación de persoal.

### **Cooperación con organismos intermedios**

O segundo programa que se aprobou hoxe no Consello da Xunta referíse a unha nova actuación do Goberno galego que, deste xeito, convocará por primeira vez mañá un programa de cooperación con organismos intermedios, no marco de Garantía Xuvenil. Estará dotado con máis de 4,2 millóns de euros para a contratación de 200 persoas sen emprego de entre 18 e 29 anos en asociacións empresariais sectoriais ou multisectoriais, incluídas as de carácter tecnolóxico; clústeres; consellos reguladores de denominacións de orixe protexidas, de indicacións xeográficas protexidas e de agricultura ecolóxica; agrupacións industriais que representen un colectivo de empresas galegas; e asociacións de persoas traballadoras autónomas.

“Os contratos deberán ser como mínimo de 9 meses a tempo completo”, indicou Rueda. A contía dos apoios calcularase en función do grupo de cotización.

### **Emprego local**

As dúas últimas actuacións que se autorizaron hoxe, segundo trasladou o presidente, convocaranse no DOG a vindeira semana (prevese para o 1 de febreiro) e son axudas para impulsar o emprego nas entidades locais de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dunha banda, segundo avanzou Rueda, publicarase Aprox Rural "cun orzamento de sete millóns de euros para a contratación de 500 persoas sen emprego en concellos do rural galego para a realización de tarefas relacionadas coa prevención de incendios forestais" como son a limpeza de montes, a silvicultura ou a xestión da biomasa. Os apoios incluirán a contía de todos os custos salariais por cada persoa contratada, segundo o convenio colectivo vixente. Os importes da axuda poderán aumentar nun 15 % no caso de que as contratacións sexan para a realización dun traballo solicitado conxuntamente por varios concellos.

As axudas para a contratación de persoas en risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) tamén están dirixidas ás entidades locais galegas. Nesta edición "inclúen un orzamento de preto de 7,7 millóns de euros para a contratación de 600 persoas", indicou o presidente. Os apoios que conceda a Xunta serán os necesarios para sufragar todos os custos laborais, segundo o convenio colectivo vixente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBOU PRETO DE 77,5 M€ EN AXUDAS PARA ACCIÓNS SILVÍCOLAS NOS MONTES GALEGOS ENTRE 2016 E 2022

- Estes fondos permitiron actuar en case 42.500 hectáreas, aprobándose máis de 3.000 expedientes
- Mañá está prevista a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da orde pola que se convocan estas axudas para o ano 2023, cunha dotación total de case 9,5 millóns de euros
- Estas subvencións van orientadas á prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais
- Poden ser beneficiarios destas achegas as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos forestais e maioritariamente corresponden a comunidades de montes veciñais en man común

A Xunta de Galicia aprobou no período comprendido entre 2016 e 2022 axudas para accións silvícolas nos montes galegos por un importe total de 77,4 millóns de euros, que permitiron actuar en 42.307 hectáreas. O número de expedientes aprobados en conxunto ascendeu aos 3.028. Así o constatou hoxe o Consello do Goberno galego a partir da información achegada pola Consellería do Medio Rural. Mañá mesmo está prevista a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da Orde pola que se convocan estas achegas para o ano 2023, dotada cun orzamento bianualizado total de 9.487.999 euros, cofinanciados con Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

A bianualización do orzamento asegura unha necesaria continuidade na actividade das empresas do sector forestal. Cabe lembrar que, segundo os datos da Asociación de Empresas Forestais de Galicia (Asemfo), a execución de traballos silvícolas en 5.000 hectáreas supón a creación ou mantemento de máis de 200 postos de traballo, polo que esta concesión de axudas públicas reforza o compromiso da Consellería do Medio Rural coas políticas de emprego activo no sector forestal galego.

Estas subvencións van orientadas á prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais. Para acadar estes obxectivos, establécense dúas liñas de axuda. Por un lado, achegas para a prevención, que contemplan rareos, rozas e podas en masas de coníferas, así como accións preventivas dos danos causados nestas mesmas masas por enfermidades fúnxicas defoliadoras. Tamén se inclúen rozas en masas de piñeiro que conten con instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, as axudas son tamén para realizar tratamentos silvícolas (rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas e outros), así como plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo. Nesta liña recóllense tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras, incluíndo a roza, a formación de guías e/ou poda, así como a selección de abrochos e os rareos. Tamén se apoia a rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros.

### **Beneficiarios**

Poden ser beneficiarios destas achegas as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda. Estas son maioritariamente comunidades de montes veciñais en man común, pero tamén as asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, proindivisos, entidades locais, comunidades de bens, montes de varas ou sociedades de fomento forestal (Sofor).

Tamén son beneficiarios das axudas propietarios particulares de xeito individual. No que respecta ás accións silvícolas de prevención dos danos causados nas masas de coníferas por enfermidades fúxicas defoliadoras, tamén poderán ser beneficiarias as fundacións inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

### **Plan Forestal**

O fomento da silvicultura activa está amplamente recollido na primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica". Así, no eixo I deste documento de planificación, centrado na Contribución do monte galego á conservación da natureza e á prestación doutros servizos ambientais, inclúense medidas tendentes a garantir a conservación dos valores ecolóxicos que alberga o monte galego, así como a prestación dos diversos servizos ambientais que proporciona.

Tamén no eixo II, sobre protección, sanidade forestal e prevención e defensa contra incendios forestais, recóllense medidas tendentes a acadar unha debida protección do monte galego, asegurando a súa saúde e vitalidade, reducindo o risco de incendio ou establecendo os procesos de restauración en montes queimados. Considerarase, en especial, o efecto protector dos montes para evitar a erosión do solo e a provisión como servizo da subministración de auga en cantidade e calidade por parte dos terreos forestais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTACA A NECESIDADE DE COMPLETAR O CADRO DE PERSOAL DA POLICÍA AUTONÓMICA PARA FACER FRONTE AO AUMENTO DE COMPETENCIAS**

- O Consello da Xunta informou hoxe do descenso de efectivos na unidade, que se atopa ao 73 % con 362 axentes, e advertiu de que a diminución será maior porque este ano están previstas 9 xubilacións
- Dos efectivos actuais, 12 funcionarios están en comisión de servizo, o que supón unha situación de inestabilidade e provisionalidade
- O déficit de axentes afecta tamén a carencia de mandos e postos intermedios e isto repercute na ruptura da estrutura orgánica da unidade
- O Goberno galego insta ao Ministerio do Interior a que aprobe o convenio que permita convocar o concurso de prazas vacantes e completar o 100 % cadro de persoal ata os 500 efectivos

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a situación da Policía Autonómica en materia de persoal. A unidade conta con 362 axentes actualmente e, por tanto, atópase ao 73 % da súa capacidade fronte aos 500 que lle correspondería segundo o catálogo de postos de traballo asignado. Este déficit dáse tanto nas 4 sedes provinciais como na sede local de Vigo e na central de Santiago de Compostela. Se se ten en conta ademais que 12 se atopan en comisión de servizo, daríase unha carencia do 30 %, polo que se precisaría unha dotación de 150 efectivos.

Por iso, a Xunta leva reclamando de forma reiterada ao Goberno central a cobertura das vacantes neste corpo de seguridade para facer fronte ao aumento de competencias, de maneira que se cumpra a previsión de cadro de persoal aprobada que ascendía a un total de 500 efectivos.

De feito, desde a súa creación hai máis de dúas décadas e coa fixación en 1996 da súa dotación definitiva en medio milleiro de axentes, acadouse o máximo en 2013 con 474 axentes e desde ese ano produciuse un descenso continuado ata os 362 actuais.

A necesidade deste corpo policial para a comunidade levou a Xunta a insistir en reiteradas ocasións na reclamación ao Ministerio do Interior para que aprobe o convenio que permita convocar canto antes o concurso de méritos para que esta unidade poida prestar o servizo ao que os galegos e galegas teñen dereito. En definitiva, cubrir as prazas vacantes e ter así o 100 % da dotación de policía previstos para Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Policía Autonómica leva a cabo un importante labor no eido ambiental, tanto na investigación de incendios forestais en colaboración coa Unidade de Investigación de Incendios Forestais (UIFO) da Consellería do Medio Rural como na protección do medio e dos recursos mariños, e en especial, na loita contra o furtivismo, en colaboración coa Consellería do Mar.

A protección das vítimas de violencia de xénero e dos menores, así como dos edificios e das persoas con responsabilidade no Goberno galego, e o servizo de prevención no Camiño de Santiago son outros dos cometidos desta unidade.

Nesta liña, a Xunta incide en que a cobertura das prazas mediante a sinatura do convenio co Ministerio do Interior permitiría dotar de máis persoal ás competencias asumidas na actualidade e asumir outras.

O informe presentado hoxe no Consello da Xunta advirte de que a redución de efectivos tamén supón unha significativa carencia e mandos e mandos intermedios, o que provoca unha ruptura da estrutura orgánica de mando e operatividade. Así, dáse un 44,4 % de ocupación nos mandos das xefaturas das sedes provinciais, locais e das seccións operativas, ao igual que no caso de xefes de grupo, cunha ocupación do 57 %.

Ademais, esta situación agrávase cos 12 funcionarios que están en comisión de servizo, os 2 funcionarios que están realizando cursos de ascenso, 1 liberado sindical na sede de Santiago que non presta servizo e os 9 que está previsto que se xubilen neste exercicio e outros 5 o próximo ano.

Cómpre engadir que a unidade carece tamén de funcionarios dos corpos xerais, polo que os labores burocráticos son desempeñados por 22 funcionarios policiais da escala básica.

Como consecuencia da falta de incorporación dos funcionarios, nestes últimos anos a idade media do persoal policial incrementouse dos 34 aos 48,5 anos. A falta de persoal agrávase na distribución por sexos, xa que a Policía Autonómica só conta con 51 mulleres policías, un 14 % do total da unidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre as necesidades relacionadas coa chegada do AVE ás demais cidades galegas, unha vez que está operativo en Ourense desde decembro de 2021](#)

### **A XUNTA DEMANDA A DOTACIÓN DE 7 TRENS AVRIL E 6 FRECUENCIAS DIARIAS MÁIS PARA GARANTIR UN SERVIZO DE AVE COMPLETO E COMPETITIVO ENTRE MADRID E AS PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS**

- A Xunta traslada a preocupación polo número de trens Avril de rodadura desprazable en fabricación que o Goberno de España asignará á liña Galicia-Madrid
- Os trens Avril permitirán incrementar o aproveitamento da alta velocidade galega, que opera ao 31 % da súa capacidade pese a ser o corredor de AVE que máis medra, cun incremento da demanda rexistrado do 72 %
- O Goberno galego cre necesario que a dotación de trens Avril vaia acompañada dun incremento de frecuencias, co obxectivo de dispor servizos de ida e volta entre Madrid e A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo a primeira hora da mañá, ao mediodía e na tarde-noite
- Tamén pide ampliar dous novos servizos para garantir o acceso desde Ferrol e Lugo á alta velocidade nas franxas horarias máis atractivas
- A posta en servizo dos trens Avril é precisa para garantir os tempos de viaxe comprometidos entre as cidades galegas e Madrid e evitar os transbordos en Ourense
- O Goberno de España segue sen confirmar unha data concreta para a posta en funcionamento dos trens Avril, que sitúa agora como pronto no outono, tras varios incumprimentos das datas que trasladou publicamente
- Considérase necesaria a implicación do Ministerio de Transportes para a axilización dos procedementos administrativos que serán necesarios tras a homologación dos trens de rodadura desprazable por parte de Talgo

A Xunta demanda a dotación de 7 trens Avril e de 6 frecuencias para garantir un servizo de alta velocidade completo e competitivo entre Madrid e as principais cidades galegas.

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre as necesidades relacionadas coa chegada do AVE ás cidades galegas, unha vez que está operativo en Ourense desde decembro de 2021.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo autonómico traslada neste informe a preocupación polo número de trens Avril de rodadura desprazable en fabricación que o Goberno de España asignará á liña Galicia-Madrid.

Mentres o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana non subministre os trens Avril necesarios, de rodadura desprazable e adaptados aos diferentes anchos de vía da rede galega, o AVE chegará de forma parcial e incompleta a Galicia, pois actualmente só conecta a cidade de Ourense con Madrid.

O informe resalta a urxencia de dar resposta á crecente demanda que está a rexistrar esta conexión ferroviaria, sendo este o eixo de alta velocidade Madrid-Galicia o que máis medra, un 72 % por enriba das liñas a Levante (+43,7 %) e Madrid-Barcelona (+37,8 %), liñas que nestes momentos contan con máis dun operador.

De xeito máis detallado, cabe sinalar que un total de 1,8 millóns de pasaxeiros empregaron esta conexión ferroviaria no primeiro ano de funcionamento, o que equivale a 4.931 persoas de media ao día, superando os viaxeiros rexistrados no mesmo itinerario que utilizaron o avión, que sumaron 1,6 millóns.

### **Aproveitar ao máximo as potencialidades da alta velocidade ferroviaria**

O Goberno galego considera imprescindible dispoñer deste material rodante para aproveitar ao máximo as potencialidades da alta velocidade galega, tendo en conta que a liña opera actualmente só ao 31 % do seu potencial, pese ao aumento de frecuencias que supuxo a posta en servizo da liña de alta velocidade entre Madrid e Ourense.

De feito, o ramal de alta velocidade que parte cara a Galicia desde a liña troncal Madrid-Valladolid conta cunha capacidade de 72 surcos, dos cales o tráfico actual de trens só está a aproveitar 22 deles, o que significa que quedan 49 aínda dispoñibles para que Renfe incremente as frecuencias ou para que Adif abra a liña á competencia, como xa se fixo con outros grandes accesos da alta velocidade española.

A Xunta considera necesario, ademais, que a dotación de trens Avril vaia acompañada dun incremento de servizos, tanto de ida como de volta, entre as cidades galegas e Madrid á primeira hora da mañá, ao mediodía e á tarde-noite.

Máis concretamente, para mellorar os servizos de tren o Executivo autonómico propón 6 servizos con orixe ou destino na Coruña, incrementando as frecuencias no corredor A Coruña-Santiago-Ourense nas franxas horarias de primeira hora da mañá, ao mediodía e á tarde-noite; e 6 servizos con orixe ou destino Vigo, incrementando as frecuencias no corredor Vigo-Pontevedra-Santiago-Ourense, nas franxas horarias de primeira hora da mañá, ao mediodía e á tarde-noite.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a Xunta pide ampliar dous novos servizos para garantir o acceso desde Ferrol e Lugo á alta velocidade nas franxas horarias máis atractivas para os usuarios.

Deste xeito, estímase necesarios 7 trens Avril para cubrir as necesidades de mobilidade de Galicia, evitar o cambio de tren e a penalización no tempo de viaxe que supón actualmente non contar con estes trens de rodadura desprazable na alta velocidade cara ás demais cidades galegas desde Ourense: 2 atenderían os novos servizos necesarios nas principais franxas horarias coa Coruña; outros 2 os novos servizos con Vigo; e os 3 restantes para atender os demais servizos que operan no resto do día nos que, a día de hoxe, a maioría se fan con transbordo en Ourense.

Isto suporía un incremento de prazas dun 64 % que, se a evolución do número de viaxeiros se mantén como a que se está a rexistrar, se considera que sería unha oferta adaptada, en todo caso, para atender os picos de demanda que se poidan producir en épocas especiais, como o verán ou o Nadal.

### **Aforros de tempos**

A Xunta lamenta que o Executivo estatal siga sen concretar unha data para a posta en funcionamento dos trens Avril, tras varios incumprimentos de prazos. Polas últimas declaracións de responsables do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, non se espera que estes trens estean dispoñibles, como pronto, ata o outono.

Estes trens son estratéxicos para acadar os tempos comprometidos para a conexión entre Galicia e Madrid e evitar que os usuarios se vexan obrigados a realizar as súas viaxes a Madrid desde as cidades da Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo en Alvia, que acadada unha velocidade máxima de 250 km/hora, fronte aos 300 km/hora do AVE, condicionando negativamente os tempos de viaxe cara á capital de España; ou a realizar o transbordo en Ourense para poder viaxar en alta velocidade a Madrid, o que minimiza a comodidade e a competitividade destes servizos.

No caso da cidade de Ourense, os tempos acadados son os previstos inicialmente pola chegada do AVE, pero no resto de cidades existe un desfase que vai dos 25 minutos entre Madrid e Ferrol ata os 59 minutos entre a capital e Lugo, 30 máis na conexión con Santiago de Compostela, 36 coa Coruña, 50 con Pontevedra e 56 minutos máis con Vigo.

Tal como vén reivindicando o Goberno galego, coa chegada dos trens Avril, Santiago de Compostela e A Coruña contarán cuns tempos de percorrido próximos aos comprometidos, pero no resto de cidades as diferenzas serán de máis de 30 minutos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a Xunta vén reiterando a necesidade de planificar eficientemente a disposición dos trens Avril nesta liña para aproveitar ao máximo en Galicia a capacidade e as potencialidades da alta velocidade.

Do mesmo xeito, recorda que nin a cidade de Lugo nin a de Ferrol poderán desfrutar destes novos trens ata que as súas liñas estean electrificadas, necesidade que a Xunta reclama se cubra canto antes. No caso da liña ata Ferrol non existe planificación por parte do Goberno de España para rematar o Eixe Atlántico ferroviario, que estará incompleto mentres non se execute unha liña de características homoxéneas entre Ferrol e Portugal. No caso de Lugo, a electrificación da liña con Monforte está en obras, pero non existe data pechada para a súa posta en servizo.

### **Fases para a posta en servizo dos Avril**

A posta en servizo dos trens Avril non depende unicamente de que se superen as probas de homologación, senón que require da autorización das autoridades ferroviarias e da verificación de cada un dos trens para a súa entrega, así como formar os maquinistas antes da posta en servizo.

Neste sentido, o Goberno galego insta ao Ministerio de Transportes a traballar con determinación a prol da axilización dos procedementos administrativos que serán necesarios tras a homologación dos trens de rodadura desprazable por parte de Talgo, que se prevé acadar en próximas semanas, como a liberación de liñas para a formación de maquinistas.

A Xunta insiste no informe en que os diferentes anchos da rede ferroviaria galega lastran a posibilidade de competencia por parte de compañías de baixo custo que non dispoñan de vehículos adaptables ao ancho ibérico existente en Galicia, o que tamén impide prezos do billete máis económicos para os usuarios.

A disposición dos trens Avril e unha maior oferta de servizos ferroviarios de alta velocidade non só posibilitarían proporcionar unhas tarifas máis competitivas que as existentes na actualidade, senón que tamén redundarían no reforzo do atractivo desta conexión, coa conseguinte dinamización económica e social para Galicia.

### **Principais vantaxes dos trens Avril**

O tren Avril RD é un tren especialmente deseñado para circular polas vías ferroviarias do territorio español. No seu deseño tívose en conta que o tren fose o máis flexible posible, para permitir operar en todas as condicións, independentemente da tensión da rede ou do ancho da vía, estándar ou ibérico, como o que existe no territorio galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes trens ofrecen unha serie de vantaxes competitivas. En primeiro lugar, ao seren de rodadura desprazable, evitan a realización de transbordos, xa que ese ancho variable permítelles circular polos distintos tipos de vía, reducindo os tempos de viaxe.

Son trens, ademais, con velocidades que superan os 300 km/h, fronte aos 250 km/h dos trens actuais.

Tamén son máis accesibles e con maior capacidade: igualan o número de viaxeiros que poden viaxar nun tren de dous pisos mantendo só un piso totalmente accesible á altura do andén; e superan a capacidade dos trens actuais: en 150 prazas con respecto aos AVE que operan ata Ourense; e en máis de 200-250 prazas con respecto aos Alvia, xa que os trens Avril RD dispoñen de 521 prazas.

Tamén supoñen unha diminución do consumo enerxético respecto aos vehículos actuais, polo tanto, son máis eficientes e respectuosos co ambiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O PLAN DE FORMACIÓN DO SERGAS PARA 2023 INCORPORA ACTIVIDADES NAS AULAS DE SIMULACIÓN MÉDICA AVANZADA DIRIXIDAS A PERSOAL DE URXENCIAS E EMERXENCIAS**

- O Plan ofertará un total de 526 cursos -35 máis que no ano 2022-, 206 deles en formato teleformación e 268 presenciais. Suporán 6.100 horas lectivas
- A creación da rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia permite que 28 actividades sexan impartidas nas aulas de simulación médica avanzada
- Tamén se incorpora formación dirixida á comunicación con colectivos con necesidades especiais ou vulnerables na consulta
- O Plan foi aprobado por unanimidade no Consello de Formación continua o pasado 10 de xaneiro e recolle os contidos máis demandados polo persoal do Sergas

O Plan de formación continua do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023 incorpora como novidade 28 actividades que serán impartidas nas aulas de simulación médica avanzada e están pensadas para profesionais que traballan nos servizos de urxencias e emerxencias.

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a convocatoria do novo Plan de formación do persoal do Sergas para o ano 2023, que contará cun total de 526 actividades, 206 delas en formato teleformación, 268 presenciais, 35 de autoformación, 4 telepresenciais e 13 actividades mixtas.

En total, convócanse 35 cursos máis que no ano 2022. As 526 actividades programadas para este ano para o persoal do Sergas suporán 6.100 horas lectivas.

A Xunta destinará un total de 490.000 euros ao desenvolvemento do plan, que foi impulsado no seu deseño pola Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Sanidade e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) a través do Consello de Formación Continua, composto por representantes do Sergas, ACIS e das organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSIF, e foi aprobado por unanimidade o pasado 10 de xaneiro. O plan recolle os contidos máis demandados polo persoal do Sergas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Formación práctica nas aulas de simulación clínica avanzada**

É a primeira vez que se ofertan actividades impartidas nas aulas de simulación médica avanzada, tras a creación da rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema público de saúde de Galicia, publicada no DOG o 10 de xaneiro.

Estas actividades, un total de 28, están dirixidas a persoal que traballa nos servizos de urxencias e emerxencias tanto en plantas de hospitalización como nos PAC. Trátase de impulsar a formación práctica a través das metodoloxías e tecnoloxías de simulación máis avanzadas existentes no mercado, xa que permiten reproducir experiencias reais de pacientes a través de escenarios guiados e controlados, creando un contexto similar á realidade e con problemas e situacións similares aos que se enfrenta o profesional durante as prácticas clínicas ou cirúrxicas.

Ademáis, o Plan de formación aposta polas diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías, como a formación presencial, a formación con técnicas de simulación, a autoformación, a telepresenza e a teleformación que, con 206 actividades, representa o 48 por cento da totalidade dos cursos.

Tamén se reforza a formación dirixida aos titores e profesionais sanitarios implicados na docencia dos residentes (formación sanitaria especializada) e se aposta pola formación na atención a colectivos con necesidades especiais ou vulnerables, como os LGTBI, e a súa atención na consulta.

### **Dirixido aos mais de 42.000 traballadores das distintas categorías do Sergas**

O Plan de formación está dirixido aos mais de 42.000 traballadores das distintas categorías do Servizo Galego de Saúde, e está previsto que se alcance a cifra de 90.000 certificacións no ano 2023 correspondentes a alumnos que asistan ou superen os cursos. No ano 2022, máis de 20.000 profesionais do Sergas participaron nalgunha das actividades do plan, que impartiron 780 profesores, emitíndose 85.000 certificacións.

Este plan de formación tamén vai dirixido aos profesionais que estean formándose como especialistas en Ciencias da Saúde (persoal residente en formación), os aspirantes a vinculacións temporais no ámbito das institucións do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como ao persoal pertencente ás entidades adscritas á Consellería de Sanidade e o Sergas, integrado no réxime estatutario.

Os destinatarios dos cursos son médicos, enfermeiras, farmacéuticos, fisioterapeutas, logopedas, terapeutas ocupacionais, celadores, auxiliares administrativos ou de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enfermería, técnicos de laboratorio, de radioterapia, enxeñeiros, electricistas, fontaneros, cocineros ou pinches, entre outros.

O Plan ten ademais un papel relevante no baremo ordinario de carreira profesional, que será aplicable nas vindeiras convocatorias para acceder a novos graos da carreira profesional. Tras a publicación dos cursos e das bases para a inscrición e selección do alumnado dos cursos no *Diario Oficial de Galicia*, prevista para o vindeiro 27 de xaneiro, estes impartiranse nos períodos marzo- xuño e setembro- decembro de 2023.

### **Avaliación permanente**

Por outra banda, a elaboración deste plan susténtanse nun proceso de avaliación permanente que lle permite á ACIS deseñar unha programación de calidade e axustada ás necesidades das persoas que acceden á formación. Un proceso elaborado a través dunha enquisa posta á disposición dos profesionais do Sergas e de entrevistas a mandos intermedios das distintas unidades e servizos ou de achegas dos delegados de formación de cada unha das áreas sanitarias e do profesorado e programadores docentes dos cursos do ano anterior, así como de resultados de enquisas de satisfacción.

Así mesmo, a todas as actividades que configuran este plan de formación continua hai que engadir as que se organizan dentro do Plan estratéxico de formación promovido pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), os cursos financiados polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as encomendas da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, así como convenios de colaboración coa industria farmacéutica.

Tamén, os plans de formación da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA RECORRE A XURISTAS ESPECIALIZADOS EN DEREITO EUROPEO PARA REFORZAR E APUNTALAR A SÚA PARTICIPACIÓN NO RECURSO DA FROTA CONTRA O VETO Á PESCA DE FONDO**

- A medida pretende dar resposta á necesidade de actuar con carácter urxente, cunha estratexia ben definida e liderada tanto por profesionais coñecedores da materia como por expertos familiarizados cos procedementos que rexen nas accións ante os tribunais europeos
- O Executivo galego traballa na defensa dos intereses do conxunto do sector coa finalidade de acadar tanto a suspensión temporal da aplicación desta prohibición en 87 áreas de augas comunitarias como a súa anulación definitiva
- O veto está a provocar que barcos de palangre de fondo fagan a conversión á volanta para eludir as restricións, algo que a longo prazo pode derivar nunha insuficiencia das posibilidades de pesca dalgunhas especies e tamén nun descenso da presenza de especies de amplo recoñecemento e valor como a pescada do pincho

O Consello da Xunta analizou hoxe os pasos a dar pola Comunidade Autónoma para acompañar o sector pesqueiro galego no seu recurso contra o veto á pesca de fondo decretado por Bruxelas en 87 zonas de augas comunitarias e constatou a necesidade de recorrer a xuristas especializados en dereito comunitario para que as súas demandas ante a Xustiza europea teñan máis posibilidades de prosperar.

O Executivo galego -que actuará como parte coadjuvante no recurso presentado pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela (OPP-7)- defende tanto a suspensión temporal da aplicación desta prohibición como a súa anulación definitiva, polo que decidiu contratar un servizo xurídico especializado para reforzar e apuntalar a súa estratexia e a da propia OPP co fin de acadar os mellores resultados posibles.

O prazo para que a comunidade poida exercer a súa potestade de actuar como parte coadjuvante será de seis semanas unha vez que o recurso da frota saia publicado, para información pública, no *Diario Oficial da Unión Europea*. A partir dese momento será fundamental actuar con celeridade e cunha estratexia ben definida, polo que se fai necesario recorrer a profesionais con experiencia na materia e familiarizados cos procedementos que rexen nas accións ante os tribunais europeos.

A Xunta exercerá así a mellor defensa posible dos seus intereses pilotando unha acción que a Asesoría Xurídica Xeral non pode exercer por si soa ao precisar de medios destacados ante os tribunais europeos. A mediación de xuristas especializados neste

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

oido permitirá achegar os argumentos axeitados e artellar mellor a estratexia de defensa contra unha decisión totalmente desproporcionada, sen consulta previa e carente de informes científicos e socioeconómicos que a avalen.

A acción xurídica de urxencia do Executivo galego acompañando ao sector -que exercerá o bufete J&A Garrigues por importe de algo máis de 90.000 euros- pretende poñer fin a un veto que afecta a arredor de 200 buques galegos de xeito directo ben porque non poden faenar nas zonas vedadas ben polo solapamento de áreas de pesca, é dicir, pola concentración no mesmo espazo das embarcacións que viñan faenando tradicionalmente alí xunto coas expulsadas das zonas restrinxidas.

A aplicación desta medida está a provocar a conversión de embarcacións de palangre de fondo -unha das artes máis selectivas e a máis afectada polo veto- á volanta co obxectivo de eludir a prohibición e poder faenar con relativa normalidade. Esa práctica, xunto a outros factores alleos, motivou que desde a entrada en vigor da prohibición -o pasado 9 de outubro- as capturas e a facturación da frota galega que faena no Gran Sol tivesen un comportamento estable pero cunha distorsión da oferta habitual.

Neste sentido, a longo prazo pode supoñer importantes prexuízos tanto por unha posible insuficiencia das cotas de pesca das principais especies -a volanta é máis intensiva no consumo das posibilidades de captura que o palangre- como por unha probable caída da oferta dun dos produtos máis recoñecidos e valorados das lonxas galegas como é a pescada do pincho.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA